



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

ACTA Nº 11/2020

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E SEIS DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE.**

En Ordes, a vinte e seis de novembro de dous mil vinte.

De conformidade co establecido no art. 46.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril (LBRL) o Pleno reúnese a distancia por medios electrónicos e telemáticos (videoconferencia), en Sesión Extraordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D<sup>a</sup>. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES.
- D. JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ.
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA.
- D<sup>a</sup>. YESSICA LÓPEZ VARELA.
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ.
- D<sup>a</sup>. SUSANA GARCÍA GÓMEZ.
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL.
- D. JOSÉ ANTONIO CABEZA FRAGA.
- D. PABLO VIDAL RÍOS.
- D<sup>a</sup>. MARÍA JESÚS REGUEIRO GARCÍA.
- D. MANUEL IGLESIAS VIEITES.
- D. MARCOS FERNÁNDEZ LOURO.
- D. AITOR RIBADAS GÓMEZ.
- D. FERNANDO VIQUEIRA NOUCHE.
- D<sup>a</sup>. CARMEN MARÍA FERREIRO VILLAVERDE.

Non asiste:

- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO.

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás dezanove horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

### **PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria, de data 29 de outubro de 2020 e a acta da sesión extraordinaria de 4 de novembro de 2020, cuxas minutas foron distribuídas coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

A acta da sesión ordinaria, de data 29 de outubro de 2020, resultou aprobada por maioría de quince votos a favor, coa abstención da Sra. Regueiro García, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación, coa corrección sinalada polo Sr. Alcalde.

A acta da sesión extraordinaria, de data 4 de novembro de 2020, resultou aprobada por maioría de dezaseis votos a favor, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación, coa corrección sinalada polo Sr. Alcalde.

### 2. INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dáse conta da actuación municipal seguinte:

- En relación ao Centro de Saúde de Ordes, en virtude da reunión mantida fai aproximadamente un ano co anterior Conselleiro de Sanidade e o seu equipamento técnico, no día de hoxe comunicaron unha serie de novidades que van a ser efectivas a partir do 1 de xaneiro. Incorporación de dous facultativos, unha enfermeira e un persoal de atención xeral (un administrativo) e un fisioterapeuta para atención ordinaria. Incrementase a carteira de servizos deste centro. Incorporación neste ano dun traballador social. Implántase a atención ordinaria. Estas persoas traballarán na quenda de tarde. O Centro de Saúde vai a ter atención continuada dende as 08:00 horas ata as 21:00 horas dende o 11 de xaneiro de 2021. Esta atención será compatible coa atención urxente que presta todas as tardes, noites e festivos o PAC con sete persoas. Foron acometidas as obras en pediatría, adquisición de material sanitario (desfibrilador, espirómetro, electrocardiógrafo, desfibrilador dermatoscópico). Ao longo do ano 2021 espérase que se poida incorporar unha nova matrona e un aumento dun día á semana do servizo de pediatría.
- Execución de actuacións no ano 2020 por importe de 1.500.000,00 euros:
  - Estrada de Fosado a Parada, POS+ Adicional 1/2019, 2ª Fase.
  - Camiño de Barroso a Fosado e outros, POS+ Adicional 1/2019, 2ª Fase.
  - Actuacións de aforro enerxético nos alumeados públicos do Concello de Ordes, Fases II e III.
  - Instalación solar térmica na piscina climatizada.
  - Renovación de infraestruturas viarias no polígono de Merelle.
  - Camiño de Aldea de Abaixo á Maquía e outros, Pereira.
  - Camiño da Brea a Orellán-Porta do Nó, Ardemil, Plan de Mellora de Camiños Municipais 2020-2021.
  - Humanizar e peatonalizar rúa do Muíño.
  - Beirarrúas en Montaos para eliminar reixas N-550.
  - Abastecemento e beirarrúas en rúa Carnota.
  - Substitución EDAR Lavandeira por bombeo, Pouló.
- A maiores destas actuacións, as seguintes:
  - Subministro de enerxía eléctrica aos diferentes puntos de consumo, cun aforro de consumo de 60.000,00 euros para os anos 2021-2022. Con este aforro conseguirase que durante eses dous anos saían gratis as retribucións do goberno municipal.
  - Adquisición dun vehículo híbrido para actuacións de protección do ambiente.
- A maiores tamén:



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

- Camiño Pedreira a Castrelos por Escola (Leira) e outros, POS+ Adicional 1/2019, 1ª Fase.
- Senda peonil de Rúa a Vilariño (Buscás) e outros, POS+ Adicional 1/2019, 1ª Fase.

Máis de dous millóns de euros de obras licitadas no ano 2020.

• Contratos menores:

- Humanización exterior do pavillón Mesón do Vento.
- Camiño Vilasuso ao límite Oroso.
- Abastecemento de auga dende Reboira a Cabeza de Lobo, Ardemil.
- Beirarrúas Casal-Campomaior.
- Mellora área de descanso de peregrinos en Buscás.
- Mellora e integración paisaxística da área de descanso de peregrinos en Ardemil.
- Recta de lanzamento de xavelina.
- Recuperación do Muíño Novo. Posta en valor da ruta do río Mercurín.
- Subministro e instalación de armario móbiles compactos do arquivo municipal.

Máis de douscentos corenta mil euros.

A maiores:

- Reconstrución do muro de contención na estrada municipal a carón do cemiterio de Leira.
- Alumeado exterior no campo da Feira de Mesón do Vento.
- Ampliación da rede de abastecemento de auga en Montaos.
- Alumeado no campo de fútbol de Santa Cruz de Montaos.
- Extractor mural no pavillón de Mesón do Vento.
- Protección do cauce do río Mirón ao seu paso polo Campo da Feira.
- Extensión de rede de abastecemento na Calle en Poulo.
- Tratamento asfáltico en varias pistas nas Casillas.
- Drenaxe no campo de fútbol. Colocación de depósito e postes no campo de entreno.
- Compactar e recheo de pistas de concentración parcelaria en Pereira.
- Substitución de cubertas inferiores na piscina climatizada municipal.
- Casetón para xerador eléctrico depósito de auga en Mesón do Vento.
- Remate muro parte esquerda campo de fútbol en Montaos.
- Melloras na Biblioteca municipal.

Un total de cento corenta e cinco mil euros.

A maiores:

- Foso salto de lonxitude en Vista alegre.
- Montaxe vaia metálica do río do Campo da Feira.
- Continuidade itinerario peonil na marxe esquerda N-550 – conexión parque empresarial.
- Remodelación rede de servizos en Alfonso Senra. Acondicionamento accesibilidade.
- Alumeado e desengachado en Ardemil e na Costa, Fosado.
- Climatización Centro Sociocomunitario.
- Traballos en ximnasio piscina climatizada municipal.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

Un total de setenta e seis mil euros.

Sumados todos os conceptos dos contratos menores cincocentos sete mil euros.

Sumados ás obras en licitación, máis de dous millóns e medio de euros no 2020. Contratados, executados e á disposición dos veciños.

Os Srs. Concelleiros danse por decatados.

### **3. APROBACIÓN PLAN NORMATIVO ANUAL MUNICIPAL 2021 (ART. 132 Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP).**

Vista a proposta sobre Plan normativo municipal para o ano 2021.

Visto o disposto no artigo 132 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP),

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que non teñen nada que obxectar, votarán a favor.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que non van a poñer ningún impedimento, votarán a favor.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que o plan normativo que se propón para aprobación é basicamente o que foi aprobado o ano pasado, no que dado que se recolleron as súas propostas. Desgraciadamente non se levaron a cabo todas as modificacións normativa, xa dixeron o ano pasado que era bastante complicado para levar a cabo por que era moi extenso. Loxicamente van a votar favorablemente.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 3 grupo político UXO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1. Aprobar o Plan normativo municipal do Concello de Ordes para o ano 2021.
2. Proceder á publicación do Plan Anual Normativo do Concello Ordes no Portal de Transparencia.

### **4. APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL “SORRISOS” DO CONCELLO DE ORDES.**

Expediente de aprobación provisional da modificación do Regulamento de réxime interior da Escola Infantil “Sorrisos” do concello de Ordes.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

Visto o disposto no art. 7.1.b do Decreto 254/2.011, de 23 de decembro.

Visto o disposto nos arts. 22.2.f e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril (LBRL).

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno.

Aberto o debate prodúcese as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que despois da análise que se fixo na Comisión Informativa Permanente, manifestan a súa conformidade coa redacción que se esta a debater, votarán a favor.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que analizadas as modificacións que se propoñen do regulamento non van a poñer ningún impedimento tampouco, votarán a favor.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que na Comisión Informativa Permanente tratouse artigo por artigo cada unha das modificacións que se propoñen deste regulamento, con moitas poden estar de acordo, como por exemplo a asistencia en quendas partidas, asistencia unhas horas pola mañá e pola tarde. O único punto no que teñen unha maior discrepancia é o artigo 34 no que se regula a lingua, que viña redactado doutra maneira na proposta inicial que non podían asumir de ningunha maneira, ao final despois dunha negociación na comisión informativa, mantense a redacción orixinal de que a lingua de uso habitual no centro é o galego. Nun contexto de maioría absoluta do goberno municipal vai a facilitar a aprobación desta modificación. Por último quere aclarar as palabras do Sr. Alcalde en relación de que saen gratis o aumento dos soldos do goberno municipal, non saen gratis, un aforro non xustifica un aumento do gasto.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o Sr. Vidal Ríos ten a súa maneira de velo. A verdade é que se xestiona ben, está a saír gratis o goberno municipal aos veciños de Ordes.

Intervén a Concelleira delegada de Política Social e Educación, que sinala que lle guste ou non ao Sr. Vidal Ríos Galicia ten dúas linguas oficiais, constitucionalmente recoñecidas as dúas, galego e castelán. Somos unha comunidade autónoma privilexiada. É obriga dos servidores públicos garantir que os nenos en Galicia adquiran competencias lingüísticas nas dúas linguas. Hai que utilizar as dúas linguas. Non está de acordo en eliminar o castelán como idioma vehicular do sistema educativo. Alégrase de que voten a favor.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 3 grupo político UXO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento de réxime interior da Escola Infantil "Sorrisos" do concello de Ordes, cuxo texto figura anexo á providencia da Alcaldía que encabeza o expediente.

2º.- Abrir un trámite de información pública durante un prazo de trinta días, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente na Secretaría municipal e presentar as



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

reclamacións que estimen oportunas, publicándose o anuncio de exposición no BOP e no Taboleiro de Anuncios do Concello.

3º.- Rematado o período de información pública, adoptárase o acordo definitivo que proceda, resolvendo, no seu caso as reclamacións presentadas e aprobando a redacción definitiva.

No caso de que non se presenten reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario.

### **5. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.**

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 31 de outubro de 2020, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Pleno Corporativo Municipal dáse por decatado.

### **6. MOCIÓNS.**

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que presenta a moción que se transcribe a continuación:

“Na actualidade, Internet é o principal medio que empregamos para procurar información sobre as máis diversas cuestións. Entre estes usos, está o de ferramenta de axuda para a planificación de viaxes e visitas a outros lugares.

Tamén para calquera organización, administración pública, asociación, ... etc. as páxinas web son as xanelas a través da cal proxecta a súa imaxe cara o exterior, polo tanto, debe de ser coidada.

Se alguén teclea en calquera dos buscadores máis populares, ben sexa en galego, español, inglés, ... etc. palabras como: Que ver en Ordes, Que visitar en Ordes, Turismo Ordes, ... etc. A primeira entrada que sae é o enlace a turismo.gal, web que depende da Axencia Turismo de Galicia dependente á súa vez da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Turismo e Xustiza.

Polo tanto, esta web probablemente sexa o primeiro portal que vai ver alguén que ten pensado visitar Ordes e trata de buscar información sobre o concello a través da rede.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

Cando se accede ao devandito portal, turismo.gal, na sección adicada a Ordes, aparecen unha serie de lugares do concello que o portal recomenda visitar.

Ademais de faltar moitos recursos turísticos que dende o BNG consideramos que deberan estar, para outros non aparece a correspondente fotografía, ou en algún caso a fotografía xa é de fai décadas (véxase como exemplo a Capela do Socorro).

Tamén poden atoparse erros na información ofrecida, e ver cousas como o Cruceiro do Campo da Festa de Santa María de Ordes, cuxa fotografía non corresponde coa realidade do ben indicado tal e como pode comprobarse na ilustración inferior.

A correspondente ficha mesmo establece que dito cruceiro atópase nun código postal que correspondería a Santiago de Compostela.

Se facemos unha análise do apartado adicado á hostalería, entre os recursos turísticos aparecen referencias de algún restaurantes por cuadruplicado, outros que xa pecharon fai anos (ou mesmo décadas) ... e incluso locais que funcionaron, ou funcionan, como locais de alterne e na web de turismo.gal se recomendan como restaurantes e/ou aloxamentos.

Dende o BNG tamén botamos en falta recursos turísticos que posúe o concello de Ordes, como poden ser diversas igrexas e capelas, o museo ao aire libre que conforman as Desordes Creativas, espazos naturais coma o paseo Ramiro Recouso Liste, monumentos tan emblemáticos coma o busto de Vicente Carnota, ou roteiros coma o de San Paio. Non pretendemos con isto facer un listado exhaustivo, se non poñer de manifesto que a web está moi incompleta.

Mais non é só na web turismo.gal onde falta información ou hai contidos erróneos. Algo semellante ocorre coa APP "Turismo Galicia", tamén dependente da Axencia Turismo de Galicia.

Certamente, e á vista do indicado anteriormente, non parece unha moi boa imaxe para Ordes a que se ofrece a través da web e da APP mencionadas: información desactualizada, que non corresponde coa realidade, incompleta e completamente errónea en algúns casos.

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

Se traslade a Axencia Turismo de Galicia as eivas e erros comentados na exposición de motivos así como outras que se detecten tanto na web [www.turismo.gal](http://www.turismo.gal) como na APP "Turismo Galicia" no relativo ao Concello de Ordes e se realice a correspondente actualización de contidos.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 3 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que están de acordo co que manifesta o compañeiro. Debe actualizarse toda a información dispoñible, especialmente nas redes sociais que é o que se utiliza máis a miúdo. Sobre todo



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

para ter datos actualizados deste concello para intentar atraer turistas ou xente que visite o mesmo.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que tamén están de acordo coa moción. É certo como apuntaron os voceiros do BNG e PSOE que internet é a ferramenta fundamental que utilizan os visitantes de Ordes para coñecer o que poden encontrar aquí. Se a analizamos vemos que hai un desfase nesa páxina web que require a súa actualización.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se está a incumprir clarisimamente o ROF o art. 34, isto ten cabida no apartado de rogos. Era a única moción para este pleno por iso deixou que se plantexase como moción. Para plenos sucesivos, todo o que teña cabida no punto de rogos e preguntas non vai a ser tratado como moción. Pide a todos os grupos que cumpran o regulamento orgánico. Están de acordo coa moción.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 3 grupo político UXO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Trasladar á Axencia Turismo de Galicia as eivas e erros comentados na exposición de motivos así como outras que se detecten tanto na web [www.turismo.gal](http://www.turismo.gal) como na APP "Turismo Galicia" no relativo ao Concello de Ordes e se realice a correspondente actualización de contidos.

### **7. ROGOS E PREGUNTAS.**

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que formula o rogo seguinte:

- A día de hoxe parece que hai veciños que non coñecen a normativa sobre a recollida de lixo depositando mobles ou outro tipo de residuos nas rúas da vila sen ter en consideración a normativa para a recollida dese tipo de lixo. Adxunto dúas fotografías a efectos ilustrativos.

Ademáis de ser un problema de hixiene, supón tamén unha incomodidade para os veciños e veciñas, principalmente os que viven nas proximidades.





## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

Entendemos, ademáis que é un problema engadido que si se recolle fora de horario pase a ser unha costume e non sexa un aliciente para que non se respecten as normas establecidas.

Por todo isto instamos ao Sr. Alcalde a que:

Se teña en consideración a recollida excepcional deste tipo de materiais que se depositan nas rúas da vila fora da normativa vixente.

Que se inicie unha campaña de concienciación e de información cidadá, incluíndo as redes sociais, e tamén poñendo a información sobre a normativa nos mesmos colectores de lixo.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medio ambiente, que sinala que dende o confinamento aumentou bastante a cantidade de lixo que se deixa nas rúas. Hai moitos veciños que deixan o lixo os días seguintes aos que lle corresponde a recollida. Volverase a facer a campaña de concienciación. Dende aquí volven a facer un chamamento a toda a veciñanza para que garden os días para deixar o lixo na rúa.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que formula os rogos seguintes:

- As beirarrúas da rúa do Recreo atópanse en mal estado (baldosas soltas e rotas) especialmente no seu último tramo, entre a intersección coa Rúa Reverencia e a de Vista Alegre (como se pode ver nas imaxes que se achegan). Isto supón un risco para moitos viandantes e así nolo fixeron saber.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que foi enviada esta solicitude á administración titular da vía, a Deputación Provincial, non lle corresponde ao Concello de Ordes. A derradeira reparación tardaron dezaseis meses. Esperan que estas baldosas sexan reparadas antes.

- No mes de agosto do presente ano Unión por Ordes formulou unha proposta co afán de colaborar na prevención de contaxios por COVID-19 solicitando que fose substituído o actual sistema de ticket da zona ORA polo de disco mentres permaneza a emerxencia sanitaria. Cremos que pode ser un posible foco de contaxios xa que a máquina é manipulada a diario por multitude de veciños/as. Esta proposta foi pasada por rexistro pero non houbo contestación por parte do goberno municipal.

Na actual situación de alerta vermella na que se atopa o noso Concello, volvemos a reclamar que o goberno municipal reconsidere a súa decisión sobre este tema.

Os tres concelleiros de Unión por Ordes consideramos que todas as medidas preventivas que se poidan adoptar para evitar posibles contaxios poden ser positivas e beneficiosas

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non se toma en consideración.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

- No paseo fluvial “Ramiro Recousó” entrando pola rúa do Muíño, a súa marxe dereita atópase sen iluminación, e xa leva varias semanas así (achéganse fotografías). Tendo en conta que este paseo é utilizado por moitos veciños/as, compre telo sempre en condicións óptimas, e máis na situación na que actualmente nos encontramos.

Dende Unión por Ordes cremos que a iluminación é un factor importante para que os veciños/as poidan pasear sen riscos, tendo en conta que as 18:30 cae a noite.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se arranxe este problema de iluminación no paseo fluvial..

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que este problema xa está arranxado. É falso que leve varias semanas, a avaría foi fai unha semana.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula o rogo seguinte:

- Recentemente comezaron as obras da senda peonil no Casal de Ordes. Polos tramos escavados apreciase a existencia de diversos postes que de non ser retirados do trazado da citada senda, producirán atrancos para a circulación a través da mesma.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A retirar os postes existentes no trazado da senda peonil que se está a executar no Casal (Ordes).

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o Alcalde non vai a retirar os postes. A obra está en trámite, non sexa impaciente, deixe traballar ao contratista.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que piden que se retiren os postes, o Alcalde, entende que dunha maneira jocosa di que non os vai a retirar vostede fisicamente. O que piden é que se prevea unha partida orzamentaria para a súa retirada, que veña unha empresa que os retire, que é como debe ser o procedemento.

Por último, ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula as preguntas seguintes:

- Con data de 8 de xuño de 2019 foi publicada na Voz de Galicia que a que fora sede da Cruz Vermella de Ordes foi transformada nunha vivenda de aluguer para unidades familiares con necesidades especiais. O prezo do acondicionamento foi de 44.000 euros (sufragados nun 80% pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda, e nun 20% polo Concello de Ordes).



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

A día de hoxe, ese inmovible segue sen estar ocupado.

Preguntamos ao Sr. alcalde o seguinte:

Non hai familias no concello ou na mancomunidade que reúnan requisitos para poder ocupar o citado inmovible?.

En caso de non haber familias, non hai previsión de darlle outra utilidade a ese inmovible antes de que se deteriore polo desuso?.

Intervén a Sra. García Gómez, en nome do goberno municipal, que sinala que o problema non é que non haxa familias. Hai moitas familias que poderían ocupar a vivenda. O problema é que están pendentes da cuberta, hai que cambiala toda. Cando estea totalmente rematada e cumpra as normas de habitabilidade será posta a disposición segundo o regulamento.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:

- No proxecto da Senda Peonil de Rúa a Vilariño (Buscás) e outros, figura a pavimentación da pista denominada "Acceso a Vilariño (Buscás)", correspondéndose coa que conduce ao Rego do Cabo. Tal e como están a transcorrer as obras, non semella que dita actuación vaia ser acometida.

É polo que preguntamos ao señor alcalde o seguinte:

¿Vaise levar a cabo a citada pavimentación recollida no proxecto?.

No caso de non acometerse ¿Cales son as razóns?.

Intervén o Sr. Alcalde, que pregunta por que di que semella que a actuación non vai a ser acometida, llo explique.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que circulou por alí e lle manifestaron que a preguntas da veciñanza feitas a vostede se lles manifestou que non se ía a efectuar. Visto que no proxecto viña recollida, non consta alí ningún cartel de obra para informar das actuacións a facer, por iso fan esta pregunta neste pleno.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que ou minte vostede, ou ten mala información, ou lle mentiron, non lle vai a respostar á pregunta. Non falou con ningún veciño, ese veciño está a mentirille. Que veña o veciño a falar con el e tamén vostede. non ten contestación.

- Durante o debate dos presupostos municipais no pleno ordinario de xuño de 2020, o alcalde manifestou que "Indicar tamén que se está a levar a cabo unha modificación mais profunda da RPT vixente, cuxas negociacións foron suspendidas pola pandemia do COVID 19, e que se retomará á volta do verán do presente ano 2020".

É polo que preguntamos ao señor alcalde o seguinte:



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

¿Retomáronse as negociacións para unha modificación mais profunda da RPT vixente á volta do verán tal e como anunciou no pleno ordinario de xuño?.

No caso de non ser retomadas ditas negociacións ¿Cal foi o motivo e cando ten pensado retomalas?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se retomaron e está pendente que se convoque a mesa de negociación.

- Nas publicacións do concello de Ordes efectuadas na súa páxina web e nas redes sociais, apreciase un claro incumprimento das normas que figuran nas bases reguladoras das axudas PEL-REACTIVA: Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña, en especial das normas 14 e 15.

A este respecto, preguntamos ao alcalde o seguinte:

¿Como vai xustificar o cumprimento das obrigas de “dar publicidade da achega provincial (logotipo da Deputación e mención expresa do Plan de Emprego Local) e a facer constar o financiamento da Deputación provincial da Coruña en todas as comunicacións ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet”?.

¿Qué motivou este incumprimento, que pon en risco a execución do PEL-REACTIVA da Deputación da Coruña no noso concello, e porque motivo foi efectuada a publicación en castelán cando tódalas outras publicacións nas páxina web do concello están realizadas en galego?.

¿Qué integrante do goberno municipal é responsable deste incumprimento?.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que na folia 1 menciónase o PEL Reactiva, links ás bases, nas bases indícase promovido pola Deputación da Coruña. Segunda folia menciónase dúas veces o PEL Reactiva, tamén se menciona na folia 3, link ás bases, menciónase á Deputación. Non consideran que se poña en risco por que se está a cumprir tanto coa mención do PEL. En moitos dos concellos nos que vostedes gobernan na provincia da Coruña tampouco estarían a cumprir. Concello de Oroso, non logo Deputación, non se menciona o PEL. Concello San Sadurniño, non se menciona logo Deputación, nin PEL, nin financiación. Concello de Oleiros, Melide, Sobrado dos Monxes, Cerceda. Así poderían seguir. A publicación en castelán non foi por nada concreto, subíronse os links en ambas dúas linguas, fíxose un copia e pega sobre o link en castelán, normalmente faise sobre o link en galego. Xa está solucionado e corrixido. A administración municipal sempre fai uso da lingua galega como linguaxe administrativa. Nas bases non se di en ningún sitio que se prohiba o uso do castelán. Non hai ningún integrante do goberno responsable deste incumprimento que dentro das súas competencias estea o acceso ás redes sociais. Pero en todo caso, pola área á que compete, sería ela a responsable. Corrixidos todos os erros que son subsanables, asómbrale que a súa preocupación co PEL Reactiva da Deputación Provincial e cofinanciado por este concello sexa o logo da Deputación. Esperaba maior interese, canta xente vai a beneficiarse, cantas solicitudes se presentaron. Sigán así. Eles seguiran traballando na procura dos intereses dos veciños de Ordes.

Solicita intervenir o Sr. Vidal de acordo co regulamento orgánico municipal.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 13

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que lea ven o regulamento, non ten quenda de réplica.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que ten dereito de réplica, pregúntelle ao Sr. Secretario. Solicita que o Sr. Secretario aclare esta disputa, se ten dereito.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que el preside o pleno. Non ten quenda de palabra. Ten unha chamada á orde.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que a ten.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que ten unha segunda chamada á orde, queda expulsado do pleno neste momento.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que non o pode expulsar do pleno ata unha terceira chamada á orde.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o Sr. Vidal Ríos, ten unha terceira chamada á orde. Está expulsado do pleno.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que solicita que se faga constar que non se lle permitiu exercer o seu dereito, e que interviñese o Sr. Secretario para aclarar esta situación.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás **vinte** horas e **vinte e sete** minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

**O ALCALDE-PRESIDENTE**

**O SECRETARIO**